

FRUITOPÍA

Por CELSA FORMOSO MARTÍNEZ

Hoxe estamos nun periodo de crise total ou de cambio total desencadeado por:

1.- O reparto desigual da riqueza: a un cuarto da poboaci3n mundial s3branos e malgastamos. Os trescuartos restantes carecen do imprescindible para viviren.

2.- A sensaci3n de estarmos destruíndo o noso planeta: Contaminámolo, convertémolo nun ermo, provocámolles un cambio climático perxudicial, un burato de ozono..., e todo isti facémolo a cuarta parte da poboaci3n mundial, rica e estudiada.

3.- A conciencia de que a terra é limitada: A economía baséase na utilizaci3n dos recursos naturais, e estes son limitados, non poden medrar ilimitadamente; nunha terra finita estes teñen un fin.

Cálculos científicos revelánnos que a enerxía que se pode extraer do ecosistema terrestre pódese multiplicar por catro, pero non por máis. Polo tanto, esta crise ou cambio que os países "civilizados" facemos é consecuencia do noso modelo "consumo maior" igual a "meirande cualidade de vida".

Coñecémolo, pero ¿cambiamos-las nosas actitudes? ¿estamos dispostos a prescindir de algo que consumimos?

O cambio de actitudes do feroz consumo actual pódese resumir no que dicía o Dr. Grande Covián: "E máis doado cambiar de relixi3n que de hábitos de consumo" (E el referíase só ó consumo de alimentos). Coido que nos nosos días isto poderíase trasladar a toda clase de consumo.

Todo isto lévanos a certas consideraci3ns:

-¿Estamos dispostos a trasladarnos en transportes colectivos, ou a pé, ou en bici ó traballo, lugar de estudo...?

-¿Estamos dispostos a non consumir tanta calefacci3n, e a illar mellor as nosas vivendas?

-¿Estamos dispostos a comer alimentos sen conservantes, colorantes...?

Este verán bombardeáronnos nos medios de comunicaci3n cunha nova bebida refrescante, a Fruitopía.

Témolo difícil, pero a moitos ocorréuselles unha distinta (Fr)-"uitopía", "o Desenvolvemento sostible":

Hoxe temos un mundo en com3n,

coñecemos ó momento as situaci3ns de distintos lugares do mundo e temos que buscar un Proxecto Com3n que nos provoque "O Troco" que nos esixe a sensaci3n de "crise" (valores).

A Fruitopía consiste en lograr un desenvolvemento rápido dos países pobres e un consumo máis racional e solidario nos ricos, de modo que, sen perder cualidade de vida, permitamos ós outros lograla. Dado que o ecosistema terrestre é limitado, temos que consumir menos e mellor, para que chegue a todos, sen necesidade de traslados

masivos de poboaci3ns duns lugares a outros lonxanos, de culturas e valores diferentes, que nin entenden nin comparten. Nós acadarémolo trocando os nosos valores: a nosa meta non pode ser consumir máis sen3n consumir mellor e de forma solidaria, un troco global, para un mundo máis coherente e solidario.

Os civilizados, esa cuarta parte culta, e desde logo responsable do que aquí na terra ocorre, deben trocar os seus valores éticos. A terra é de todos, pero o que nela hai tamén. Só consumíndoa de forma razoable, esta poderá sosterse. Ademais, cómpre que se sosteña toda, coa súa diversidade. A ver se neste inverno non só consumimos esa xa famosa Fruitopía, sen3n que tamén consumimos esta nova "Utopía do Desenvolvemento Sostible". ■

